

3/180 **TERCEIRA CONVOCATORIA HORTOS URBANOS. VALIDACIÓN DO DECRETO NÚM. 913/2024, DO 2 DE FEBREIRO DE 2024, DE APROBACIÓN DAS BASES DA CONVOCATORIA E APROBACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE AUTORIZACIÓNS HABILITANTES PARA A OCUPACIÓN E USO DOS HORTOS URBANOS MUNICIPAIS SITUADOS NO PARQUE DE PAXARIÑOS. ANO 2024.**- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do xefe do Servizo de Medio Ambiente, do 15 de abril de 2024, na parte expositiva do cal se fai constar:

“En relación co asunto de referencia, téñense en conta os seguintes

ANTECEDENTES

- 1.- O Excmo. Concello Pleno, na sesión ordinaria do 30 de novembro de 2017, adoptou, entre outros, o Acordo número 1/222 relativo á toma de razón da aprobación definitiva da Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos.
- 2.- A dita ordenanza, en cumprimento do disposto no artigo 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e no artigo 131 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, foi publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do 29 de decembro de 2017.
- 3.- A Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos establece o procedemento de adxudicación das autorizacións de uso dos hortos e os criterios xerais de selección aplicables no seu título II.
- 4.- No Decreto núm. 621/2024 do 26 de xaneiro de 2024 apróbase iniciar o procedemento de convocatoria pública de outorgamento das autorizacións habilitantes para a ocupación e uso dos 32 hortos urbanos municipais situados no Parque de Paxariños. 3ª Convocatoria. Ano 2024. A dita resolución foilles debidamente notificada aos adxudicatarios dos hortos urbanos da convocatoria realizada en 2021, así como a obriga de devolver os hortos en condicións análogas ás que tiñan cando foron cedidos á persoa adxudicataria. (Artigo 31. Restauración ao estado de orixe da Ordenanza municipal reguladora de hortos urbanos.)
- 5.- No Decreto núm. 913/2024, do 2 de febreiro de 2024, apróbase a 3ª convocatoria do procedemento de outorgamento das autorizacións habilitantes para a ocupación e uso temporal dos 32 hortos urbanos municipais situados no Parque de Paxariños, así como as bases da dita convocatoria.
- 6.- O Decreto 913/2024 foi debidamente publicado na páxina web do Concello de Lugo así como no Taboleiro de Anuncios, non obstante deberá ser validado en Xunta de Goberno Local.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8639366289599601258.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-4-2024

PRIMEIRA.- O procedemento de adxudicación das autorizacións de uso dos hortos urbanos situados no Parque dos Paxariños rexerese polo disposto no título II da Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos publicada no BOP de Lugo do 29 de decembro de 2017.

SEGUNDA.- O órgano competente para a aprobación do expediente é a Xunta de Goberno Local en virtude do acordo núm. 40/607 da Xunta de Goberno Local celebrada o día 26 de xullo de 2023, onde se establece:

“PRIMEIRO.- A Xunta de Goberno Local resérvase o exercicio das atribucións delegables seguintes:

....e) as concesións de todo tipo sobre bens de dominio público, salvo cemiterio”

TERCEIRA.- A Ordenanza municipal reguladora dos hortos urbanos establece o procedemento de adxudicación das autorizacións de uso dos hortos e os criterios xerais de selección aplicables no seu título II, conforme aos cales foi aprobada a convocatoria e bases polo Decreto núm. 913/2024, do 2 de febreiro de 2024.

O artigo 9.7 da dita ordenanza establece que unha vez valoradas as distintas solicitudes, exporase ao público a resolución provisional, que conterá a relación de persoas inicialmente admitidas, podendo presentarse por parte destas reclamacións contra a dita resolución, no prazo de dez días naturais, contados dende o día seguinte á súa exposición no Taboleiro de Edictos.

A referencia ao dito prazo de exposición enténdese actualmente feita a días hábiles e ao Taboleiro de Anuncios da sede electrónica e web municipal.

CUARTA.- De conformidade co artigo 9.10 da Ordenanza municipal de hortos urbanos, así como o disposto na base quinta da convocatoria daquelas persoas que fóra de prazo solicitaron ser beneficiarias do uso ou goce dos hortos urbanos e reúnan os requisitos esixidos na ordenanza pasan a integrar bolsa de suplentes na que se integran por orde de data de presentación da solicitude no Rexistro Xeral do Concello.

QUINTA. Un dos requisitos para ser beneficiario segundo o establecido no artigo 8.g) da ordenanza é non ter sido beneficiaria/o da adxudicación dun horto urbano na convocatoria inmediatamente anterior a esta, salvo que houberse insuficiencia de solicitudes nesta convocatoria. Ao quedar hortos urbanos libres procede admitir os beneficiarios da anterior convocatoria.”

A Xunta de Goberno Local, con base na referida proposta e por unanimidade de todos os seus membros presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Validar o Decreto núm. 913/2024, do 2 de febreiro de 2024, no que se aprobou a 3ª convocatoria do procedemento de outorgamento das autorizacións habilitantes para a ocupación e uso temporal dos 32 hortos urbanos municipais situados no Parque de Paxariños, así como as bases da dita convocatoria.

SEGUNDO.- Aprobar a seguinte LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADXUDICATARIAS DOS HORTOS URBANOS conforme á convocatoria aprobada, tras a baremación das solicitudes presentadas dentro do prazo da convocatoria.

As persoas cuxa puntuación son 0 puntos ordénanse conforme á data de presentación da solicitude de participación na convocatoria.

Nº de orde	Nome e apelidos	DNI/NIE	Puntos	Data de solicitude
1	José López Huarachi	xxx2583xx	10	05/03/2024 12:50
2	Martina Mamani Huaman	xxxx3183x	4	04/03/2024 11:33
3	Mª Dolores Sangil Rodríguez	xxx1555xx	2	27/02/2024 10:38
4	Mª Fernanda Lombardía Crespo	xxx5073x	1	28/02/2024 12:02
5	Antón Xesús Castro Rodríguez	xxx3542xx	1	04/03/2024 11:22
6	Gabriela Paola Zubiate Flores	xxxx0363x	0	19/02/2024 17:28
7	Mª Nieves Carballo Fernández	xxx4012xx	0	21/02/2024 23:01
8	Luis Carlos Emilio Escudero Vilariño	xxx7378xx	0	23/02/2024 12:12
9	Rosa Mª López Gallego	xxx6194xx	0	23/02/2024 13:10
10	Mª Pilar Casanova González	xxx4928xx	0	26/02/2024 9:28

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8639366289599601258.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-4-2024

11	Nouhaila Naji el Fouhami	xxx2216xx	0	27/02/2024 12:23
12	Rocío Losada Iglesias	xxx8107xx	0	27/02/2024 22:39
13	Ainara Castro Lombardía	xxx4691xx	0	28/02/2024 11:57
14	Pablo Cosío Juan	xxx4543xx	0	28/02/2024 12:00
15	Javier Roberto Freire Sampayo	xxx4989xx	0	02/03/2024 14:44
16	Lorena Regueiro Rubio	xxx8188xx	0	04/03/2024 9:08
17	María Álvarez Aguado	xxx5237xx	0	05/03/2024 11:24
18	Antón Castro Lombardía	xxx4691xx	0	05/03/2024 12:35

TERCEIRO.- Aprobar a seguinte LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS QUE FORON BENEFICIARIA/OS DA ANTERIOR CONVOCATORIA 2021, segundo o establecido no artigo 8.g) da Ordenanza, dado que existe deficiencia de solicitudes admítense os seguintes beneficiarias/os da adxudicación dun horto urbano na convocatoria inmediatamente anterior:

A ordenación baséase na data de presentación das solicitudes de participación na actual convocatoria, todas elas presentadas dentro do prazo da convocatoria:

Nº de orde	Nome e apelidos	DNI/NIE	Puntos	Data de solicitude
19	Teolindo Fernández Aira	xxx6746xx	0	08/02/2024 11:58
20	Vanessa Pérez Cedrón	xxx4390xx	0	21/02/2024 10:24
21	Fernando Corbelle Corral	xxx1392xx	0	28/02/2024 11:28
22	Ángela Mayo Molinero	xxx6913xx	0	05/03/2024 11:51
23	Jorge Gómez Sampayo	xxx3280xx	0	05/03/2024 12:10

--	--	--	--	--

CUARTO.- Aprobar a seguinte LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS QUE PRESENTARON A SÚA SOLICITUDE FÓRA DE PRAZO, que conforman por tanto a bolsa de suplentes, xa que existen hortos dispoñibles.

A ordenación correspóndese coa data de presentación da solicitude de participación:

Nº de orde	Nome e apelidos	DNI/NIE	Data solicitude
24	Raquel Ruíz Camuñas **	xxx3047xx	10/03/2024 18:17
25	Elizabeth Carolina Escobar Ramos	xxx0728xx	15/03/2024 10:50
26	Miguel Costa Moure	xxx4962xx	19/03/2024 13:49
27	Óscar Alberto Baudenay Alexander	xxx05350xx	27/03/2024 9:22
28	Caili Sun **	xxx4457xx	01/04/2024 11:15
29	Pilar Bellón Candal	xxx3199xx	03/04/2024 20:01

** No caso de D.^a Raquel Ruíz Camuñas e D.^a Caili Sun, ambas as dúas foron, así mesmo, beneficiarias da convocatoria 2021.

QUINTO.- Aprobar a seguinte LISTAXE PROVISIONAL DE ADMITIDOS RESIDENTES DE FORMA TEMPORAL NO MUNICIPIO que non se encontran empadroados nel, excepcionalmente, dado que non hai un número suficiente de solicitudes, conforme ao establecido no artigo 8.2 da Ordenanza municipal de hortos urbanos.

Nº de orde	Nome e apelidos	DNI/NIE	Data da solicitude
30	Vladyslava Kuznietsova	xxxx1861x	14/02/2024 12:22

SEXTO.- Quedan EXCLUÍDAS COMO ADXUDICATARIAS DE HORTOS URBANOS as persoas solicitantes relacionadas a continuación por incumprimento

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac8639366289599601258.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 24-4-2024

dos requisitos establecidos no artigo 8 da Ordenanza municipal de hortos urbanos e por renuncia á solicitude presentada.

EXCLUÍDOS:

Nome e apelidos	DNI/NIE	Motivo da exclusión
Nuria Carballido Álvarez	xxx4305xx	Non presentou a documentación requirida: DNI, foto, declaracións responsable de capacidade e de non ter outro horto.
Úrsula Rodríguez Limia	xxx0912xx	Presentou renuncia o 01/03/2024

SÉTIMO.- Tendo en conta que o número de parcelas para adxudicar no "Parque dos Paxariños" é de 32; os adxudicatarios resultantes do proceso abarcarán do número 1 ao 30 (ambos os dous inclusive) do número de orde das listaxes provisionais anteriores recollidas nos apartados primeiro, segundo, terceiro e cuarto.

OITAVO.- Esta resolución provisional, que non pon fin á vía administrativa, de acordo co establecido no artigo 9. 7. da Ordenanza municipal de hortos urbanos exporase ao público no Taboleiro de Anuncios deste Excmo. Concello e na web municipal, durante o prazo de dez días, prazo no que poderán presentar as persoas solicitantes as reclamacións que procedan contra esta resolución, que se iniciará a partir do día seguinte á súa exposición no Taboleiro de Anuncios.